

CIRCULAR 21-2016 (modificada a 3/03/2016)

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos assembleistas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA CADETE DE PISTA CUBERTA

Pista cuberta de Riazor, A Coruña

6 de Marzo do 2016

Art.1) A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato de Galicia Cadete de pista Cuberta que terá lugar no Pazo de Deportes de Riazor na Coruña o vindeiro domingo **día 6 de Marzo** do 2016, en xornada de mañá e tarde.

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2015/16) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3 As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 1 de Marzo do 2016.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións e o número de dorsal oficial da presente tempada.

Art.4) Deberán comunicarse as baixas ata 45 minutos antes do inicio da proba. No caso de non facelo aplicarase o artigo 12.

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal personalizado outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante, agás na pértiga. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7) Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias non participase na rolda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe. Agás casos autorizados polo comité técnico.

Art.8) En tódalas carreiras, a confección das series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada, ou no seu defecto na tempada anterior.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Art.9) Limitacións de probas: Cada atleta só poderá inscribirse nun máximo de 2 probas. No caso de participar en dúas carreiras, só poderá realizarse unha de mais de 200m.

Art.10)- Na cámara de chamadas será obrigada a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras:	10min antes da hora oficial da proba
Carreiras valadas:	15min antes da hora oficial da proba
Concursos (agás pértega):	30min antes da hora oficial da proba
Pértega:	45min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista. Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou guardada. Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.11) As distancias das táboas decidiranse en función das marcas dos participantes (pudendo chegar ata 3)

Art. 12) As cadencias serán as seguintes

Cadencias:

Altura masculina 1,27 - 1,35 - 1,43 - 1,49 - 1,53 - 1,57 - 1,61 - 1,65 - 1,68 e de 3 en 3cm.

Altura feminina 1,20 - 1,26 - 1,33 - 1,37 - 1,41 - 1,45 e de 3 en 3

Pértega 1,82 - 2,02 - 2,17 - 2,32 - 2,47 - 2,62 - 2,77 - 2,92 e de 10 en 10 cm.

* Permitirase altura mais baixa (dentro das permitidas pola instalación) encadenando cas secuencias anteriores

Art.13) Poderán participar todos aqueles atletas que acadasen as seguintes mínimas:

HOMES	Marcas realizadas na tempada 2014/15 (dende 31/03/2015)		Marcas realizadas na tempada 2015/16	
	CADETE	INFANTIL 2º		CADETE
100/80	13.10	10.20	50	7.00
150	-----	20.00	60	8.20
300	42.00	-----	300	42.50
500/600	1.41.00	1.27.00	600	1.45.00
1.000	3.00.00	3.16.00	1.000	3.05.00
100v/80v	19.50	16.90	50v	9.75



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



3000	10.45.00	10.40.00	3000	10.45.00
300v/220v	50.00	37.20	60 v	11.50
Lonxitude	5.10	4.70	Lonxitude	5.10
Triple Salto	10.80	8.60	Triple salto	10.80
Altura	1.55	1.45	Altura	1.50
Pértega	2.40	2.00	Pértega	2.20
Peso	8.90	8.65	Peso	8.50

MULLERES	Marcas realizadas na tempada 2014/15 (dende 31/03/2015)		Marcas realizadas na tempada 2015/16	
	CADETE	INFANTIL 2º		CADETE
100/80	13.70	10.20	50	7.75
150	-----	21.50	60	8.80
300	46.25	-----	300	48.30
500/600	1.49.00	1.31.00	600	1.55.00
1.000	3.25.00	3.30.00	1.000	3.25.00
3.000	12.20.00	12.35.00	3.000	12.05.00
100/80v	19.50	16.00	50 v	9.75
300v/220v	53.50	38.50	60v	11.50
Lonxitude	4.35	4.20	Lonxitude	4.15
Triple Salto	8.60	8.30	Triple salto	8.50
Altura	1.40	1.30	Altura	1.35
Pértega	2.20	1.80	Pértega	2.00
Peso	8.00	7.45	Peso	7.50

Art.14) Horario definitivo

Primeira Xornada						
50	MULLERES	Series	11.00	Lonxitude	HOMES	FINAL
			11.30	Altura	MULLERES	FINAL
				Peso	MULLERES	FINAL
50	HOMES	Series	11:35			
600	MULLERES	Final A/B	11.55			
600	HOMES	Final A/B	12:10			
300	MULLERES	Semifinal	12:25	Lonxitude	MULLERES	FINAL
				Peso	HOMES	FINAL
300	HOMES	Semifinal	12:55			
50	MULLERES	Final A/B	13:15			
50	HOMES	Final A/B	13:30			
Segunda Xornada						
50valados	HOMES	Semifinal	16.30	triple	MULLERES	FINAL



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



			16.45	Altura	HOMES	FINAL
				Pértega	H/M	FINAL
50valados	MULLERES	Semifinal	16:50			
1000	MULLERES	Final	17.10			
1000	HOMES	Final	17.20			
300	MULLERES	Final A/B	17.30			
300	HOMES	Final A/B	17.40	triple	HOMES	FINAL
50valados	HOMES	Final	17.50			
50valados	MULLERES	Final	18.00			
3000	MULLERES	Final	18:10			
3000	HOMES	Final	18:30			

Art.15) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.16) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2015/2016), R.F.E..A e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 12 de febreiro de 2016